



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Edición e Comentario dos Textos Galegos e Portugueses	Código	613G02028	
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Ferreiro Fernandez, Manuel	Correo electrónico	manuel.ferreiro@udc.es	
Profesorado	Eirin García, Leticia Ferreiro Fernandez, Manuel	Correo electrónico	leticia.eirin@udc.es manuel.ferreiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Introdución teórico-práctica á edición e comentario de textos literarios galegos e portugueses.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Sen modificacións.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen En maior ou menor medida, mantéñense todas, cos cambios derivados dunha situación de non presencialidade.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican ?Sesión maxistral: é substituída polo envío a cada un(ha) dos estudantes de materiais a través de medios telemáticos (e-mail, moodle) e/ou por explicación directa a través de Teams. ?Obradoiro: as actividades de Obradoiro pasan a se realizar por medios telemáticos (e-mail, moodle, Teams). ?Lecturas obrigatorias xa previamente fixadas: mantense a lectura obrigatoria da obra indicada na guía e o seu control será realizado a través do resumo/recensión (8-10 páxinas) que será entregada (por e-mail) conforme o calendario inicial e as normas de presentación fixadas no inicio do curso. ?Traballo tutelado: mantense segundo a programación inicial (estrutura, extensión, data de entrega), mais as consultas co profesor realizaranse exclusivamente a través de medios telemáticos. ?Proba mixta: o exame presencial será substituído por unha proba asíncrona que será enviada por correo electrónico ao/á estudante no día anterior á data oficial do exame para realizar na súa casa. Data e hora de entrega telemática: no día oficial do exame, dúas horas despois da hora marcada para o seu inicio.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Correo electrónico, Moodle, Teams: cando for necesario contactarase persoal ou grupalmente cos estudantes para comunicación de instrucións, atendimento de cuestións e/ou exposición de contidos a través do envío de materiais diversos ou de explicación directa por medio de Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliación. Observacións: Obradoiro (10%): Será valorada a actividade derivada das sesións maxistrais durante o período de docencia presencial e tamén as actividades derivadas da docencia non presencial. O seu valor redúcese do 20% ao 10%. Lecturas (15%): Avaliarase a lectura reflexiva dos materiais bibliográficos fixados no inicio do curso: capacidade de síntese, rigor e clareza expositiva, calidade lingüística da expresión. Traballo Tutelado (35%): Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, a clareza expositiva e a calidade expresiva. O valor pasa de 25% ao 35%. Proba mixta (40%): Constitúe unha proba con elementos diversos, onde serán valoradas cuestións tales como os contidos, as lecturas, a capacidade analítica de textos, a clareza e rigor expostivo, e a calidade lingüística das respostas.</p> <p>*Observacións de avaliación: O resumo (ou resumos) de lectura será(n) entregado(s) telematicamente na(s) data(s) fixada(s) no inicio do curso. Na 1ª oportunidade a data de entrega do Traballo tutelado será a do exame oficial. A data de remisión por parte do alumnado da Proba mixta (enviada polo profesor na véspera) será a fixada oficialmente para o exame. Na 2ª oportunidade, en xullo, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na ocasión anterior, só que o Traballo tutelado pasará a ser puntuado con 35%, absorbendo así un 10% do Obradoiro. A Proba mixta será enviada telematicamente na véspera do día do exame e o alumnado deberá remitila ao profesor o día marcado para o exame, dúas horas despois do seu inicio. A data de entrega do Traballo tutelado é a mesma que a fixada oficialmente para a Proba mixta.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Sen modificacións.</p>
-----------------------------	--

Competencias do título

Código

Competencias do título



A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A16	Coñecer a crítica textual e a edición de textos.
A27	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua galega.
A28	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua portuguesa.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
	A1	B7	C1
Coñecer e aplicar as técnicas de análise lingüística e literaria.	A1 A2 A15	B7	C1
Saber analizar e comentar textos literarios e non literarios dos ámbitos galego e portugués aplicando as técnicas de análise textual.	A1 A2 A14 A15	B7	C1 C6
Elaborar textos escritos de diversa tipoloxía (traballos tutelados, fichas de lectura, críticas etc.).	A2 A9 A11 A15	B1 B6 B7	C1 C6
Saber analizar, avaliar e sintetizar criticamente información especializada relativa á edición e comentario de textos galegos e portugueses.	A11 A14	B1 B3 B7	C6
Coñecer a edición de textos e a crítica textual.	A16	B3 B8	C6
Coñecer a evolución histórica das linguas galega e portuguesa.	A27 A28	B3 B8	C6
Coñecer e utilizar os principais recursos web e bibliográficos, así como as bases de datos necesarios para a edición e comentario de textos galegos e portugueses.	A11	B1 B3	C6
Relacionar os coñecementos adquiridos nesta materia cos de outras disciplinas afíns.	A11 A14 A15	B3 B5	C6

Contidos

Temas	Subtemas
1. Ecdótica, crítica textual, textoloxía	1.1. Conceptos xerais: teoría e método 1.2. Introducción á edición crítica



2. A Ecdótica e a Crítica Textual no ámbito galego-portugués	2.1. O período medieval 2.2. A literatura galega 2.3. A literatura portuguesa
3. O comentario de textos	3.1. Textos literarios 3.2. Textos non literarios

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A16 A27 A28	15	22.5	37.5
Obradoiro	A1 A2 A11 A14 A15 B1 B3 B7 C1 C6	14	28	42
Lecturas	A11 B3 B6 B7 B8	1	12	13
Traballos tutelados	A1 A2 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 C1 C6	1	12	13
Proba mixta	A1 A2 A9 A11 A14 A15 A16 A27 A28 B7 C1	1	5	6
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesións de traballo en que o profesorado explica os contidos teóricos e procedementais fundamentais para que o alumnado poda atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, así como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Contémplanse, entre outras, a realización de prácticas ecdóticas e de comentarios de textos, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC e estudos de casos.
Lecturas	Cada estudante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas obrigatorias que serán seleccionadas e, eventualmente, fornecidas polo profesorado. No paso 8 desta Guía, atópase a referencia da obra de lectura obrigada.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá elaborar un traballo, dirixido polo profesorado, escollido entre unha serie de propostas presentadas no inicio de curso. Con este traballo preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma e o manexo de fontes de diverso tipo.
Proba mixta	Consistirá na realización dunha proba escrita relativa aos contidos do programa, e que combinará exercicios de carácter ensaístico, de edición e comentario etc.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O profesorado orientará aos e ás estudantes, ofrecéndolles a axuda necesaria, especialmente para a realización do traballo tutelado. Cada estudante asistirá polo menos a unha sesión de atendimento. A orientación realizarase de forma individualizada e persoalmente, aínda que tamén poderán ser facilitadas indicacións escritas.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación



Lecturas	A11 B3 B6 B7 B8	Lectura reflexiva dos materiais bibliográficos indicados polo profesorado. Eventualmente poderán ser solicitados breves resumos ou fichas de lectura.	15
Traballos tutelados	A1 A2 A9 A11 A14 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 C1 C6	Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, a clareza expositiva e a calidade expresiva.	25
Obradoiro	A1 A2 A11 A14 A15 B1 B3 B7 C1 C6	Realización de actividades prácticas derivadas das sesións maxistras (edición de textos, comentarios etc.).	20
Proba mixta	A1 A2 A9 A11 A14 A15 A16 A27 A28 B7 C1	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico con edición e comentario de textos. Serán valoradas cuestións como o rigor expositivo e a calidade expresiva.	40

Observacións avaliación

Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliábeis.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - AA.VV. (1986). Critique Textuelle Portugaise. Actes du Colloque (Paris, 20-24 octobre 1981). Paris: Fondation Calouste Gulbenkian - AA.VV. (1986). Comentário de Textos Literários. Madrid: Alhena - Azevedo Filho, Leodegário de (1987). Iniciação em crítica textual. Rio de Janeiro: Presença - Blecua, Alberto (1983). Manual de crítica textual. Madrid: Cátedra - Brea, Mercedes & Lorenzo Gradín, Pilar (1996-). Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa [MedDB 3] &lt;www.cirp.gal&gt;. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades - Crespillo, Manuel (ed.) (1997). Comentario lingüístico de textos. Málaga: Universidad de Málaga - Ferreiro, Manuel (dir.) (2018-). Universo Cantigas [Edición crítica da poesía medieval galego-portuguesas] &lt;www.universocantigas.gal&gt;. A Coruña: UDC - Lopes, Graça Videira & Ferreira, Manuel Pedro et al. (2011-). Cantigas Medievais Galego Portuguesas [base de datos online] &lt;www.cantigas.fcsh.unl.pt&gt;. Lisboa: Instituto de Estudos Medievais, FCSH/NOVA - Marchese, Angelo & Forradellas, Joaquín (2000). Diccionario de retórica, crítica y terminología literaria. Barcelona: Ariel - Marcos Marín, Francisco (1978). El comentario lingüístico (Metodología y práctica). Madrid: Cátedra - Martínez-Gil, Víctor (coord.) (2001). L?edició de textos: història i mètode. Barcelona: Universitat Oberta de Catalunya - Reis, Carlos (1978). Técnicas de Análise Textual. Coimbra: Livraria Almedina - Spaggiari, Barbara & Perugi, Maurizio (2004). Fundamentos da Crítica Textual. História. Metodologia. Exercícios. Rio de Janeiro: Lucerna Obra de lectura obrigada: Cambraia, César Nardelli (2005). Introdução à crítica textual. São Paulo: Martins Fontes.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías